

CEIP AS MERCEDES - OURENSE
GUÍA FAMILIAS PROTOCOLO COVID
CURSO 2020-21

INFORMACIÓN XERAL

- A páxina web do centro será un dos vehículos oficiais de información e é recomendable que estean pendentes das novidades que vaiamos incluíndo nela. Esta información estará complementada coa difusión da información a través de AbalarMóbil.
- A Dirección e o persoal do centro estará á súa disposición, durante todo o curso escolar en horario lectivo, para resolver ou aclarar as súas dúbidas, para o que terán os teléfonos do centro e a dirección de correo electrónico habilitadas.
 - TELÉFONO DO CENTRO: 988685030
 - CORREO ELECTRÓNICO: ceip.asmercedes.ourense@edu.xunta.gal
- Ademais, haberá un Equipo COVID co que terán que contactar para calquera incidencia sobre este tema e que estará formado por:
 - COORDINADOR COVID:
 - Daniel Pascual Feijoo.
 - PROFESORAS COLABORADORAS COVID:
 - María Sánchez Seco.
 - María José Fernández Hermida.
- Todo o noso profesorado, está informado sobre as medidas de seguridade e hixiene que lles serán transmitidas ó alumnado do centro no comezo do curso.
- Todo o persoal do centro usará máscara nas mesmas condicións que o alumnado.
- Ademais, unha limpadora pola mañá e dúas pola tarde ocuparanse das tarefas de limpeza e desinfección.
- Durante este curso as familias non poderán entrar no centro nin permanecer nel. Se teñen que recoller o seu fillo/a ou se necesitan facer calquera outro trámite, deberán avisar con antelación mediante unha chamada telefónica ó centro ou solicitalo mediante o correo electrónico. As entradas e as saídas son momentos especialmente sensibles polo que as familias deben permanecer afastadas das portas.

COMEZO DE CURSO

XOVES 10		
HORA	ENTRADAS	
10:00	3º EP	Porta principal
	2º EP	Porta lateral
10:30	1º EP	Porta lateral
11:00	5º EI	Porta lateral
11:15	4º EI (Grupo A)	Porta lateral
12:45	4º EI (Grupo B)	Porta lateral
HORA	SAÍDAS	
12:15	4º EI (Grupo A)	Porta lateral
13:45	5º EI	Porta lateral
	4º EI (Grupo B)	Porta lateral
14:00	3º EP	Porta principal
	2º e 1º EP	Porta lateral

VENRES 11		
HORA	ENTRADA	
8:55-9:10	3º EP	Porta principal
	1º e 2º EP	Porta lateral
9:10-9:20	5º EI	Porta lateral
10:00	6º A EP	Porta principal
	6º B EP	Porta lateral
10:30	5º EP	Porta principal
	4º EP	Porta lateral
11:00	6º EI	Porta principal
11:15	4º EI (Grupo A)	Porta lateral
12:45	4º EI (Grupo B)	Porta lateral
HORA	SAÍDAS	
12:15	4º EI (Grupo A)	Porta lateral
13:45	6º EI	Porta principal
	5º EI	Porta lateral
	4º EI (Grupo B)	Porta lateral
13:55-14:10	6º A EP	Porta principal
	5º EP	
	3º EP	
	6º B EP	Porta lateral
	4º EP	
	2º EP	
	1º EP	

1. ANTES DA CHEGADA Ó CENTRO:

- Para a detección precoz da enfermidade no alumnado, deberán realizar, antes da chegada ó centro, unha auto avaliación dos síntomas (Anexo C-II) a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2.
- Se vostede contesta afirmativo a algunha das preguntas deste test deberá, inmediatamente, chamar ó seu centro de saúde de referencia e avisar a un dos coordinadores COVID do centro escolar chamando ó teléfono do centro.
- No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumno/a non acudirá ó centro e el ou a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a. Para a xustificación da ausencia, non será necesario ningún xustificante médico, abondará coa xustificación dos pais ou titores legais.
- Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactárase coa súa familia ou persoa autorizada para a súa recollida que deberá presentarse no centro á maior brevidade posible.
- **É moi importante ter os datos de contacto actualizados: teléfonos, correo electrónico, persoas autorizadas a recoller ó alumnado,...)**
- Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a solicitude dun test diagnóstico. Se o pediatra ou facultativo non tivera consulta no mesmo día, acudirá ó PAC onde será avaliada a solicitude do test diagnóstico. Se isto non fora posible, contactárase co equipo sanitario do centro de saúde que teña asignado o centro educativo.
- Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, os nenos e nenas ou o persoal do centro que convivan con elas NON PODERÁN ACUDIR AO CENTRO ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado ao equipo COVID do centro.
- As familias deberá comprometerse a cumprir estas normas cubrindo e asinando a “Declaración responsable” (Anexo C-I).

2. ENTRADAS E SAÍDAS DO CENTRO

Os acompañantes do alumnado deben quedar na praza das Mercedes evitando achegarse as portas e mantendo a distancia de seguridade interpersonal. O acceso ó centro por parte das familias está prohibido, salvo casos excepcionais, durante toda a xornada escolar, pero as entradas e saídas son momentos de especial dificultade. Para dar recados ou avisos deben empregar os medios telemáticos referidos (AbalarMóbil, correo electrónico, teléfono,...)

ENTRADAS

- 8:55-9:10 Alumnado de primaria
 - PORTA PRINCIPAL: 3º, 5º e 6º A
 - PORTA LATERAL: 1º, 2º, 4º e 6ºB
- 9:10-9:20 Alumnado de infantil
 - PORTA PRINCIPAL: 6º EI
 - PORTA LATERAL: 4º EI e 5ºEI

SAÍDAS

- 13:45-13:55 Alumnado de infantil.
 - Sairá primeiro 5º de infantil e despois 4º pola porta lateral.
 - O mesmo tempo sairá 6º de infantil pola porta principal.
- 13:55-14:10 Alumnado de primaria
 - PORTA PRINCIPAL: 6º A > 5º > 3º
 - PORTA LATERAL: 6ºB > 4º > 2º > 1º

3. MEDIDAS DE HIXIENE E SEGURIDADE PARA O ALUMNADO

- É obrigatorio o uso da máscara en todo o recinto escolar para o alumnado de Educación Primaria, e é recomendable para o alumnado de Educación Infantil.
- O alumnado de Primaria debe traer unha máscara posta e unha de reposto nun estoxo, a normativa actual non obriga ó alumnado de infantil pero é altamente recomendable que a usen nos espazos comúns do centro. Na aula o profesorado de infantil observará cales son os momentos nos que é recomendable ou cando se pode “descansar” do seu uso.
- Nas aulas, o alumnado de primaria estará situado seguindo as instrucións da Consellería. No momento de sentarse no seu sitio non poderán xirarse cara ós seus compañeiros/as ademais non poderán compartir material. O alumnado de infantil formará grupos reducidos (máximo 5).
- Durante as dúas primeiras semanas de curso, o profesorado/titores, explicarán ó alumnado as medidas de hixiene xerais e as medidas especiais nas diferentes materias. Tamén os itinerarios para desprazarse polo centro.
- En todos os espazos do centro o alumnado disporá de xel hidroalcólico, xel desinfectante, papel e papeleiras axeitadas á normativa.
- Estarán reguladas e recollidas nas NOF (normas de organización e funcionamento do centro) estas medidas que son de obrigado cumprimento.
- As actividades extraescolares ou complementarias estarán condicionadas a que poida garantir a distancia de seguridade.
- Solicitamos as familias axuda no traballo de concienciación a seus fillos/as acerca destas medidas para facilitar a convivencia segura.
- Se existise algunha circunstancia especial que impida que un alumno/a teña posta a mascarilla durante o tempo recomendado, deberá comunicalo inmediatamente ó titor/a; esa comunicación virá acompañada do correspondente certificado médico e cunha xustificación exhaustiva dese feito. No caso de que o alumno non poida facer uso da mascarilla, o centro tomará medidas especiais de seguridade unha vez analizada a situación.

4. COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E TITORÍAS:

As titorías coas familias levaranse a cabo baixo as seguintes modalidades e coa seguinte prioridade:

- **1º OPCIÓN:** Vídeo conferencia (opción preferente) a través da plataforma que oferte a Consellería de Educación 2020/2021. Dita opción deberá concretarse a través de cita previa sendo preferentemente os martes de 17 a 18 horas.
- **2º OPCIÓN:** No caso de que a titoría por vídeo conferencia sexa imposible o/a docente poderá realizar a titoría vía telefónica.
- **3º OPCIÓN:** En supostos excepcionais que así o recomenden o/a docente poderá concertar unha titoría presencial que se levará a cabo na aula da titoría correspondente, previa cita e garantido a distancia social. Todos os asistentes deberán cumprir as normas xerais recollidas neste protocolo o que inclúe o uso de máscara, desinfección de mans e calzado. Cando nalgunha destas reunións sexa necesario a revisión dalgunha proba escrita, avisarase con anterioridade para poder facer copias da mesma e evitar a manipulación conxunta.
- En todos os casos, será obrigatoria a cita previa, empregando preferiblemente a aplicación AbalarMóbil. No seu defecto, poderase facer uso do teléfono do centro ou outro sistema de comunicación que estableza o titor/a correspondente.
- Para as reunións coa orientadora, as familias poderán solicitar cita chamando ó teléfono do centro ou no correo do centro. Cando se concrete a cita, acordarase tamén a modalidade na que se levará a cabo tendo en conta o tema a tratar e a dispoñibilidade e medios (telefónica, telemática ou presencial).
- Para a realización de trámites no centro (certificados, etc...) deben avisar antes por teléfono ou pedilos por correo electrónico.

5. EDUCACIÓN NON PRESENCIAL

No caso de que teñamos un novo confinamento ou suspensión das clases por casos no centro:

- Nas primeiras semanas de curso, e como tarde a finais do mes de setembro, o alumnado a partir de terceiro de primaria será formado e rexistrado para traballar coa Aula Virtual; o profesorado indicarlles a forma de entrar, subir traballos, enviar correos electrónicos e todo tipo de destrezas dixitais imprescindibles para o traballo na casa.
- Tamén poremos en marcha a Aula Virtual para os cursos de infantil e 1º e 2º de primaria, onde haberá traballo para unha eventual suspensión das clases presenciais.
- Faremos un rexistro das persoas que non teñen internet ou ordenador na casa, para establecer outras modalidades de traballo a distancia.

PARA CALQUERA DÚBIDA, SUXESTIÓN OU ACLARACIÓN PODEN ENVIAR UN CORREO ELECTRÓNICO A: ceip.asmercedes.ourense@edu.xunta.gal